

## LISTA DE ASISTENTES

Ana Amorós Pons  
Vicente Badenes Plá  
Xosé Baamonde  
Juan Corbacho Valencia  
Alberto Dafonte  
Ana Belén Fernández Souto  
David Formoso Vázquez  
Oswaldo García Crespo  
Pedro Pablo Gutiérrez  
Beatriz Legerén  
Jorge Lens Leiva  
Carmen López de Aguilera  
Xabier Martínez Rolán  
M<sup>a</sup> Isabel Míguez  
Román Pereiro Rguez-Lepina  
Diana Ramahí  
Emma Torres Romay  
José Rúas Araujo  
Mónica Valderrama Santomé  
Montse Vázquez Gestal

## DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Alberto Pena Rodriguez  
Silvia García Mirón  
Julinda Molares  
Fortunato Rodríguez Fernández  
M<sup>a</sup> Isabel Moreira Recamán  
Ana Suárez Mariño  
Javier Abuín

Acta da sesión ordinaria do Consello do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo do 30 de abril de 2019, convocada para as 10:30 h en primeira convocatoria e ás 11.00 h en segunda na Sala de Xuntas da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

O día 30 de abril de 2019, ás 11:00 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade, co obxecto de tratar os seguintes puntos da **orde do día**:

### 1. Aprobación, se procede, da acta do 9 de abril de 2019:

Os profesores Juan Corbacho e Xabier Martínez Rolán solicitan a eliminación dun parágrafo da acta da sesión do 9 de abril xa que non reflicte realmente o seu parecer sobre o tema tratado. Elimínase o parágrafo “No mesmo sentido e da mesma opinión son outros profesores: Juan Corbacho, M<sup>a</sup> Isabel Miguez, Xabier Martínez Rolán, Beatriz Legerén, Silvia García Mirón, Diana Ramahí e Oswaldo García Crespo que defenden a saída de prazas de asociado fronte a prazas de Axudante Doutor”, no punto 4 da orde do día.

Apróbase.

### 2. Informe do Director do Departamento.

O director do departamento, José Rúas Araújo, informa:

- Aumentou o prazo para presentación da produción científica. Aparecen problemas ao cargar os artigos na aplicación. O director informa que, no período de reclamacións, se alguén detecta que non se lle contabilizou algunha documentación presentada, farase constar o mal funcionamento da aplicación durante todo o proceso.
- O profesor Martínez Rolán recorda que, primeiro hai que crear o mérito e, unha vez comprobado que foi creado ben, hai que cargar o artigo, publicación....

### 3. Aprobación, se procede, de modificación de POD 2019-2020.

A secretaria informa das seguintes modificacións, algunhas solicitadas polos docentes implicados e outras motivadas por novos cambios nas dedicacións de docentes e que provocou o movemento e reaxuste da docencia dalgúns docentes asociados:

**M<sup>a</sup> Isabel Míguez: 118 horas:**

- Deixa *Teoría y Tca de las RRPP*.
- Colle *Dirección de comunicación*: 50 horas HA + 60 HB + 10 HC = 120 horas

**Javier Abuín: 60 horas:**

- Deixa *Dirección de Comunicación*
- Colle *Planificación Estratégica de las Relaciones Públicas*: 30 HB + 30 HC.

**Ana Amorós:**

- Deixa 15 HB de *T<sup>a</sup> y Tca cinematográfica* (Grao en CC Audiovisual)
- *T<sup>a</sup> y Técnica Cinematográfica*: 25 HA + 50 HB (25h B1+25h B2)

**Diana Ramahí: aumenta horas de docencia**

- Colle *Teoría y Tca del Documental*: 10 HA+20HB

**Isabel Martínez Martínez:**

- Deixa *Teoría y Tca del Documental*: 10 HA+20HB
- Colle *Producción Publicitaria en Medios Audiovisuales*: 20HC

**Alfredo García Pinal:**

- Deixa *Producción Publicitaria en medios Audiovisuales*: 20 HC
- Colle *Teoría y Tca de la Imagen*: 15HB

**José Manuel López Fernández**

- Deixa 10 HC de *Teoría y Tca de la Imagen* (na que xa tiña docencia) dado que quedara por debaixo.

**Carlos Soutelo: Transformación a A4: 120 horas (115)**

- Deixa *Fotografía Publicitaria y T<sup>a</sup> y Tca de la Imagen*:
- Colle: *Guión, Producción y Realización para TV*: 15 HA+ 75 HB
- Colle: *Guión, Producción y Realización de programas de ficción*: 20 HA

Apróbanse as modificacións presentadas.

A profesora Carmen López informa que nos PAT sae como queixa recorrente que cando hai dous docentes para os grupos prácticos, en ocasións hai moitas diferenzas en contidos, puntuacións e mesmo en opinións sobre as temáticas tratadas. Recomenda que, nestes casos, non se repartan os docentes por grupos, senón por semanas, de tal xeito que cada docente lle dea as mesmas prácticas a todos os grupos.

### 4. Aprobación, se procede, de prazas de profesorado.

O director informa que a proposta dende o departamento, tendo en conta a docencia que queda vacante, é de 2 prazas de axudante doutor e unha de asociado P6 (180 horas). Dende o departamento óptase por prazas que permitan a consolidación do profesorado.

Con estas prazas quedaría cuberta toda a docencia vacante do departamento. Informa que non se ten información sobre a docencia sen descontos do departamento e que para a aprobación do POD debe

estar toda a docencia cuberta, recordando que o prazo xa rematou a semana pasada. Recorda que falamos dunha proposta, xa que non sabemos o que finalmente outorgará o Reitorado.

A profesora Emma Torres informa que non se poden aprobar prazas sen coñecer a docencia sen os descontos, e que as prazas sempre se sacaron sobre esa docencia real. Solicita que se faga o cálculo sobre esa docencia.

O profesor Corbacho mantén que, de non saber a docencia real, o que se fai e encher una bolsa de horas que non se corresponde coa realidade.

O director opina que se non se solicitan agora as prazas, significaría non ter nada e que, en todo caso, falamos dunha solicitude.

A profesora Mabel Míguez defende que se poden pedir as prazas porque existe esa docencia agora, pero iso podería implicar que nun prazo indeterminado de tempo existan docentes asociados que salten porque non teñen docencia. Cre que se pode facer o cálculo sen problemas, que hai horas vacantes que flutúan e que non sabemos cantas son.

O profesor Jorge Lens pregunta cal é o problema de sacar prazas, tendo en conta que os asociados tamén poden presentarse a elas se cumpren cos requisitos que se piden.

A profesora Beatriz Legerén entende que se os docentes asociados están acreditados poden presentarse a prazas de axudante doutor.

A profesora Mónica Valderrama non entende que se obstaculice a posibilidade de crecemento do profesorado.

A profesora Anna Amorós informa que ningún departamento ten os datos reais da súa docencia este ano, que as prazas saen despois de facer os cálculos, pero este ano a reitoría non o fixo e todos os departamentos están igual.

O profesor Alberto Dafonte pregunta que ocorrería se a reitoría outorga unha praza de axudante doutor pola convocatoria de consolidación de asociados atípicos e como afectaría a estas prazas que agora se solicitan.

O director recorda que se trata de facer unha solicitude, e que iso non significa que nos outorguen todo o que pedimos.

Os diferentes profesores manifestan a súa conformidade e desconformidade cos temas expostos. O director solicita que se realice unha votación sobre a proposta do departamento para a solicitude de dúas prazas de axudante e unha de asociado a 180 horas

Votos a favor da proposta: 12

Votos en contra: 0

Abstencións: 7

Apróbase facer a solicitude de dúas prazas de axudante doutor e unha de asociado a 180 horas coa docencia vacante no POD.

A profesora Emma Torres pide que conste en acta que o departamento non facilitou os datos suficientes para poder votar.

A secretaria do departamento infórmalle que tamén constará en acta de que o departamento tampouco ten datos suficientes.

## **5.- Aprobación, se procede, das Comisións específicas de Área**

Elimínase da orde do día. Faranse cando se informe das prazas concedidas

## **6.- Asuntos de trámite**

Non hai

## **7.- Rolda de intervencións**

O profesor David Formoso pide que se faga, dende o departamento, unha media das horas de descontos que sempre están ocupadas.

Solicita ademais que se manteñan as reunións presenciais cos docentes asociados para a elaboración dos POD's.

O profesor Oswaldo García cre que dende o departamento tense que facer unha reflexión sobre os perfís e as prazas de profesorado de cara ao futuro, tendo en conta que, coa reforma do plano de estudos do Grao de Comunicación Audiovisual, o departamento aumentará, previsiblemente, a súa docencia, o que vai implicar abordar o tema da consolidación de profesorado, os perfís que son interesantes, os criterios e as recomendacións que sería interesante empezar a pensar.

O profesor Alberto Dafonte solicita que se envíe ao profesorado a documentación dos asuntos que se van tratar no consello, con antelación.

Sen máis intervencións levántase a sesión ás 12:05 horas.

En Pontevedra, 30 de abril de 2019

O director

A secretaria do departamento

José Rúas Araújo

Montserrat Vázquez Gestal